



## **PROCEDIMENTO DE DISTRIBUCIÓN DE MÁSCARAS ENTRE O ALUMNADO MATRICULADO EN EDUCACIÓN PRIMARIA EN CENTROS DOCENTES DEPENDENTES DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN NO CURSO 2021/22**

Estimadas familias:

O 12 de novembro publicouse no DOG a ORDE do 28 de outubro de 2021 pola que se regulan os criterios e o procedemento de distribución de máscaras entre o alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes públicos dependentes da Consellería de Educación e en centros privados concertados no curso 2021/22 (código de procedemento ED330E).

### ➤ **ALUMNADO DESTINATARIO:**

**Será beneficiario o alumnado de EDUCACIÓN PRIMARIA** que cumpra os seguintes requisitos:

1. **Que fose beneficiario da axuda para adquirir material escolar na última convocatoria.**
2. Que non fose beneficiario da axuda para adquirir material escolar por diferentes circunstancias, pero que:
  - a) Pertenza a familias cunha renda per cápita **igual ou inferior a 6.000 €.**
  - b) Estea matriculado en educación especial, ou suxeito a tutela ou garda da Xunta de Galicia ou teña unha **discapacidade igual ou superior ao 65 %**, con independencia da renda da unidade familiar.

### ➤ **RENDA PER CÁPITA DA UNIDADE FAMILIAR:**

1. **A renda per cápita da unidade familiar é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2019 entre o número de membros computables**, tendo en conta que computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33 % ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez, ou a equivalente de clases pasivas.
2. A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas. Cando se presentase declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas no **exercicio fiscal 2019**, sumaranse a base imponible xeral (**recadro 435**) e a base imponible do aforro (**recadro 460**); cando non se presentase, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.
3. Nos casos de violencia de xénero non se terán en conta os ingresos do agresor para determinar a renda per cápita da unidade familiar.

### ➤ **MEMBROS COMPUTABLES DA UNIDADE FAMILIAR:**

1. Para os efectos desta orde, terán a consideración de membros computables da unidade familiar:
  - a) Os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o titor ou titores do alumnado.
  - b) Os/as fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados. Terán a mesma consideración que os/as fillos/as as persoas en situación de tutela ou acollemento familiar permanente ou preadoptivo legalmente constituído.
  - c) Os/as fillos/as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente, sempre que estean suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
  - d) Os/as fillos/as solteiros/as menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
  - e) Os proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida forman unha unidade familiar cos fillos que teñen en común.
  - f) A persoa que, por novo matrimonio, en situación de unión de feito ou en situación de afectividade análoga ás anteriores con convivencia, resida no domicilio familiar coa persoa proxenitora do alumnado, agás nos casos de custodia compartida.
2. Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.
3. Non terá a consideración de membro computable:
  - a) A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.
  - b) O agresor nos casos de violencia de xénero.
4. En todo caso, terase en conta a **situación persoal e a composición da unidade familiar en 31 de decembro de 2019**, agás no relativo á violencia de xénero, que se aplicará o disposto na lexislación específica.

➤ **SOLICITUDE:**

**Non terá que presentar solicitude o alumnado que fose beneficiario da axuda para adquirir material escolar no curso 2021/22, é dicir, aquela familia que recibiu cheque de material escolar para este curso non terá que presentar nada.**

1. Deberán presentar solicitude os pais, nais, titores ou representantes legais do alumnado que non presentou solicitude de material escolar en tempo e forma e cunha renda per cápita igual ou inferior a 6.000 €. No caso de alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia, presentará a solicitude a persoa titular da dirección do centro de menores ou a persoa coa que conviva en acollemento familiar.
2. A solicitude será única para todos os fillos/as que estean admitidos no mesmo centro docente para o curso 2021/22; se están admitidos en centros docentes distintos, presentarase unha solicitude en cada un dos centros.
3. As solicitudes deberán presentarse **POR CORREO ELECTRÓNICO** adxuntando a documentación necesaria e o **Anexo I e II ben cuberto e asinado** en todos os recadros. Escanear todo e enviar ao enderezo [ceip.serra.vincios@edu.xunta.gal](mailto:ceip.serra.vincios@edu.xunta.gal) poñendo no asunto **“Solicitude Axudas Máscaras\_Nome do alumno/a”**.

➤ **DOCUMENTACIÓN:**

- a) **ANEXO I e II: ED330E** cuberto e asinado que poderá descargarse na páxina web do centro.
  - b) Copia do libro de familia ou documento equivalente, onde figuren o alumno e os demais membros computables da unidade familiar. Se o libro de familia non coincide coa situación actual, deberase presentar certificado de convivencia. \*Aqueles familias nas que a situación familiar non variou con respecto á solicitude do ano pasado, que o indiquen no mail e só entregarán o Anexo I e II.
  - c) En caso de separación ou divorcio, ademais deberán achegar a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a menor.
  - d) Certificado do grao de discapacidade do/da alumno/a ou calquera membro da familia recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.
- \* Hai unha aplicación de móbil que escanea documentos e permite envialos por mail agrupándoos en PDF chamada **CamScanner** e que podedes descargar de forma gratuíta en Google Play ou App Store.

➤ **PRAZOS:**

**Do 15 ao 26 de novembro de 2021.**

➤ **RESOLUCIÓN DAS AXUDAS DE MATERIAL ESCOLAR:**

A partir do **29 de novembro** publicaremos na páxina WEB do centro a relación de solicitudes admitidas **mediante o número da solicitude que se vos enviará por mail en contestación á solicitude. Aquelas familias que foron beneficiarias das axudas de material escolar xa non sairán nestes listados por ser consideradas como beneficiarias directas das máscaras.**

➤ **RECLAMACIÓN:**

En caso de exclusión na listaxe provisional, as persoas afectadas poderán formular reclamación ante o centro docente nos dous (2) días hábiles seguintes ao da súa publicación. Esta reclamación entenderase resolta coa publicación da listaxe definitiva.

➤ **DISTRIBUCIÓN DAS MÁSCARAS:**

Unha vez realizada a publicación definitiva, daremos publicidade do tempo e forma da súa distribución.

➤ **CARACTERÍSTICAS DAS MÁSCARAS:**

O centro adquirirá un número de máscaras por alumno/a en función da súa durabilidade (número de lavados) e dos días lectivos que resten de curso. Serán máscaras hixiénicas reutilizables que cumpran coa normativa UNE 0065 para uso do alumnado.

➤ **SECRETARÍA:**

Para calquera aclaración, chamade ao teléfono do centro **886120042**.